

Intervención laudatoria de Luz Pozo Garza no día da entrega do Premio Casa dos Poetas 2002 a Xohana Torres

Fonte: Arquivo da Fundación Curros Enríquez

data: 29/09/2009



Comisión de Igualdade

Pazo de Raxoi, 2 andar. 15704 Santiago de Compostela (Galicia)
Tfno: 981957202 / Fax : 981957205 / redaccion@culturagalega.org

NAS ONDAS DESTE OUTONO A XOHANA TORRES

~~ENVIADO A XOHANA TORRES~~

~~NAS ONDAS DESTE
A XOHANA TORRES~~

Luz Pozo Garza

¿Escóitas XOHANA TORRES? as ondas deste outono

preludio da saudade no noso Mar de Vigo?

Mar sucesivo e sempre modulado por ser emblema noso

como a alma

E a partir do interior estoupa en ondas por todo o extremo deste

da conciencia

Fragmento de escritura ou mar intenso

Aquí comezaría o principio envolvente da nosa identidade

A viaxe iniciática que nos leva a nós mesmos

a través dunha mística de plenitude cósmica

nesa peregrinatio que nos devolve o mito nunha espiral ~~mar~~ solar

Ti o sabes XOHANA TORRES?

se cadra vai a vida nesa vaga de luz que te domina

Se cadra nesa mística achégandete eses ritmos de estacións e de rías

do mar das Cies a Irlanda

de Monte Ferro ó xardín das delicias de Barandán

Talvez ó Paradiso

nas liñas hiperbóreas onde moran as aves dos poemas gaélicos

Son as aves de inverno

quizas son as mesmas que contemplaba Iseo na nave de Tristán

Acaso son as mesmas que ou vin voar nos cumios da montaña de HOWTH
na península sacra cara á invernia celta

As aves inmorrentes dóciles ás mensaxes do primeiro poeta:

!Ó AMERGIN, AMERGIN, que tiñas a evidencia de ser vento nos mares
de ser onda levada no seu bruar escuro

e boi de sete lidias que dá forza a unha raza

e a palabra da ciencia

e o poeta que anuncia -! ai que fermoso XOHANA !-

o dominio dos astros e as idades da lúa...

Pois o sentido cósmico ven por liña materna, ben sabes,
como a lúa

e está no mar eternamente místico e gaélico

emblema de naufraxios...

¿Non dicía CUNQUEIRO que todo todo pende do corazón ^{humano} ~~de home~~

que elixe as estacións, os aromas e a morte ?

E as ^{verbas} ~~palabras~~ que se din con amor ^{con vocan} ~~poden convocar~~ selvas

vasos de olor

ou cervas namoradas nas cantigas

e mesmo lúas novas

miramen

MOTTEREMUN NUNCA

Se ~~contemplas~~ as ondas XOHANA TORRES non ~~mercerás de todo~~

Navegas polos mapas internos do mundo da saudade

sen saír da túa Ría

O código das ondas é cousa de mulleres

Nós temos os poderes de contemplar o cosmos

sen levantar os ollos das augas primordiais que nos surcan

por dentro ~~///~~

Vai a Roda Solar polas Fisterras

na indole dos espacios de Occidente

Na unicidade cósmica das formas e dos tempos ~~///~~

pódense ollar ó unísono

as pallozas castrexas do Cebreiro preto do Pía Páxaro

e a Demanda do Grial no centro mesmo das vías emblemáticas

na patria do milagre

E ver ó mesmo tempo a catedral de Lugo

co Sol do Sacramento

que amaba PIMENTEL nos ocasos do tedio provinciano

sempre de cara á morte

E ó mesmo tempo está a chover polas rúas de Vigo

e xa non hai camelias

E un vento de lembranzas chega ~~///~~ das Illas Cíes ~~///~~

XOHANA TORRES...

míramos

miramos

Se ~~contemplas~~ as ondas non ~~aproxímase de todo~~ . . .

Non existen máis mares dos que sentimos dentro

Son ondas metafísicas que fundamos nos soños

ou talvez ideamos a contraluz do abrente que nace pola Guía

Son mares da paixón no esplendor que celebran MENDIÑO ou MARTIN CODAX

O mar fugacidade como o ^{Libro}~~texto~~ primeiro onde nada está escrito

Luz Pozo Garza

OCTUBRO. 2000